

Os cambios propostos no Consello europeo do 21, 22 e 23 de xuño son deshonrosos de cara á importancia da resposta que precisa nestes momentos a cooperación europea. A constitución proposta para Europa fora xa rexeitada por dous estados membros, como consecuencia de serias carencias democráticas e sociais no marco da Unión europea e do seu mercado común. Os cambios propostos agora polo Consello non ofrecen ningunha solución seria a estes problemas sociais e democráticos. Mais ben, serven para aumentar as dúbidas xa existentes de que os cambios que se fan nos tratados son negociados a porta pechada ,sen participación algúns dos cidadáns e dos parlamentarios.

É por iso polo que 17 organizacións nacionais europeas de Attac, na súa declaración “Dez principios para un Tratado democrático”, consideran necesario que a redacción de calquera proxecto de novo Tratado debe emanar dunha Asemblea, elixida por sufraxio universal directo dos cidadáns de todos os estados membros e con mandato para iso, que asocie ao conxunto dos Parlamentos nacionais.

Agora ben, a folla de ruta lanzada en Bruxelas por este Consello de xuño acelera o proceso e propón a data de elaboración do novo Tratado para finais de 2007 e a de xuño de 2009, data das eleccións ao Parlamento europeo, como data tope para a súa ratificación . Noutros termos, trátase de apurar o calendario para evitar ter que afrontar un amplio debate público europeo sobre as opcións que deben elixirse. Iso implica, necesariamente, procedementos acelerados: unha Conferencia Intergobernamental (CIG) cunha axenda xa decidida e coas mans atadas previamente por intensos cambalaches diplomáticos e negociacións opacas; e por riba, a moi probable aplicación de procedementos de ratificación estritamente parlamentarios xustificados pola estreiteza da falta de miras do Tratado.

Os responsábeis europeos, reunidos no Consello da Unión Europea deslexitimaron, unha vez máis, o proxecto europeo aos ollos dos seus cidadáns eabren a porta a novas e graves crises no futuro.

Por riba, ao concentrárense únicamente no obxectivo simplista dun mini-Tratado, os dirixentes europeos non ofrecen ningunha resposta convincente ante as urxencias sociais, ecolóxicas e democráticas. A continuación, moi conxuntural, do crecemento económico non pode servir para encubrir a gravidade da situación actual. Esta caracterízase pola profundización das desigualdades, o mantemento dun elevado desemprego en toda a Europa, o desmantelamento dos servizos públicos, o crecemento dos fundamentalismos políticos e os danos considerábeis ao medio ambiente. A crise actual é o froito dun modelo económico que dá a prioridade ás esixencias de rendibilidade dos actores financeiros e favorece a mercantilización do mundo, a degradación dos sistemas de protección social, e o desartellamento das nosas sociedades.

Esta é a razón pola que os Attacs de Europa consideran non só indispensábel, senón apremiante, favorecer a instauración dun novo modelo de desenvolvemento, e para iso queren que se establezan tanto na Unión Europea, como en todos os seus Estados membros unha serie de principios:

- A garantía do respecto e a igualdade de acceso aos dereitos fundamentais de todos os residentes europeos;
- O aumento substancial do orzamento europeo, para asumir as decisións de ampliación tomadas e

garantir a solidariedade por transferencias masivas con destino aos novos membros e como contrapartida o rexeitamento de todo dumping fiscal ou social;

- O logro dos maiores niveis posíbeis en materia social e fiscal
- O control democrático do Banco Central Europeo e a asunción de responsabilidades por parte do Eurogrupo e do Parlamento Europeo en materia de política monetaria;
- A redución substancial do consumo enerxético e a transformación dos sistemas de producción sobre unha base sostíbel;
- A participación nunha nova orde internacional multilateral e aberto, dedicado a construír a paz e a solidariedade entre os pobos.

A construción dunha Europa social, democrática e ecolóxica depende da cooperación europea. É por iso polo que, logo dun debate público profundo, foi rexeitado en Francia o Tratado constitucional europeo que se lles propuña en 2005. Facer crer que o resultado das eleccións presidenciais francesas borra esta conciencia sería un grave erro de análise.

Ante as decisións antidemocráticas tomadas polo Consello da o Unión Europea durante as súas reunións do 21 ao 23 de xuño , queremos convocar aos movementos sociais e outras forzas progresistas para, xuntos, iniciar unha nova onda de mobilizacións. Iso permitirános avanzar na construcción dunha Europa social, democrática e ecolóxica.

Attac Alemaña, Attac Austria, Attac España, Attac Flandes, Attac Francia, Attac Suecia, Attac Suíza